

PREGUNTAS

1. ¿Que pensa Vostede facer co campo de xogo de Carracedo, que está situado en pleno Camiño Portugués, así como o que antigamente foi o parque infantil?. Recentemente arrancou o lume nos antigos vestiarios que se atopan nun estado lamentable, pese a ser o escaparate no Camiño.
2. Vimos reclamando reiteradamente a urxente reposición do firme do trazado da N640 no lugar de Reirís que foi traspasado o Concello de Caldas de Reis, o seu estado é absolutamente lamentable, e nos xa llo requirimos varias veces ¿Cando pensa repoñer ese firme para que ese vieiro sexa transitible?
3. ¿Que pensa Vostede facer co vieiro que vai dende a volta da pedra ata a Riva en Godos, especialmente o absolutamente intolerable estado do seu entronque ca N640?
4. ¿Cando pensa Vostede elaborar e presentar o Plan de Xestión da carballeira e do parque xardín, para que se poidan realizar actividades nestes recintos? ¿Vai facer as festas patronais sen plan de xestión?
5. Vostede comprometeuse en Pleno ca ANPA do CPI Alfonso VII a varias cousas, entre outras a limpeza das beirarrúas no se entorno ¿Cando pensa Vostede comezar?



6. ¿Cando pensa Vostede asumir os compromisos que asume cos veciños do lugar de Casaldrago en San Clemente onde dixo que construíría un vieiro na Devesa que permitiría unha recollida mais segura dos nenos que acoden o transporte escolar e que teñen que acudir a unha marquesina situado nun punto moi perigoso a nivel de seguridade viaria?

7. ¿Como é posible que teñan que limpar o lavadoiro de auga termal varios veciños ante o absoluto abandono dese lavadoiro que carece, salvo cando o limpan veciños, das mas mínimas condicións de hixiene?

8. ¿Como explica a perda definitiva do festival Portamérica no noso Pobo? ¿Que contía nos vai a costar os caldenses o festival no concello de Portas? Logo pasamos pola vergoña de copiar a bonificación das entradas os veciños de Portas menores de 30 anos cando este Concello o anunciou, e despois de manter durante moitos anos a negativa absoluta a petición do noso partido e do BNG de algún tipo de bonificación os veciños e veciñas de Caldas de Reis, posto que nos dicían que non era posible, pero agora, logo de que Portas o fixera, resulta que si era posible ¿Que mudou? E unha bágoa que un des-goberno socialista dun concello coma o noso de case que 10.000 habitantes e que pon unha morea importante de cartos para a organización do festival, teña que copiar a un concello no que goberna o Partido Popular que dispón dun orzamento municipal que é un térceo do de Caldas de Reis. ¿Canto lle costou o noso Concello os abonos dos menores de 30 anos? ¿Canto imos a aportar o Festival?

9. ¿Que organizou a Festa da Xuventude? ¿Canto lle costou o Concello?

10. O 16 de xuño nos atopamos ca lamentable noticia do falecemento de Don Máximo Sar, declarado en xaneiro de 2020 fillo predilecto de Caldas de Reis pola unanimidade de todas as forzas políticas con representación no Pleno ¿Por qué non se fixo ningún xesto público por esta perda nin, por exemplo, non se fixo ningunha declaración institucional de algún día de loito (dende esta nota queremos trasladar o noso mais sentido pésame a Familia de maneira pública)?

11. A festa de San Xoán, unha festividade de longa tradición na nosa Vila, non en vano foi moitos anos festivo local, e no que se organizaba unha verbena no Campo da Torre todos os anos, chegando incluso a facerlle un recoñecemento público a comisión de festas dos veciños dese barrio que ata a chegada da pandemia organizou durante moitísimos anos esta festividade (queremos agradecer ese enorme e continuado traballo), pois ven ante a imposibilidade da Comisión de Festas de organizar este evento, e pese a longa tradición desta celebración, ¿Como é posible que o equipo de des-Goberno non programara ningún tipo de actividade lúdico-festiva e deixa que morra esta longa tradición?

12. Xa está chegando a campaña electoral, notase porque xa contratamos unha empresa para facer gabinete de comunicación, e agora un periodista, e neste último caso a persoa seleccionado renunciou por non atopar vivenda para alugar e vivir en Caldas de Reis, a súa absoluta inacción vai a converter o a Caldas nun Pobo fantasma na temporada baixa de turismo, é dicir, nos meses nos que o Camiño non aporta peregrinos, por elo a pregunta é ¿Cando pensa Vostede facer algo cos enormes problemas de vivenda en aluguer para as persoas e familias que queira residir en Caldas?

13. ¿Como pode reiterar nos medios o chascarrillo de que temos 1.400 prazas de aloxamento legais “mas as outras” e non poñerse colorado?

14. ¿Cando pensa Vostede facer algunha labor de mantemento e conservación do entorno da capela de San Roque, que se atopa en pleno Camiño Portugués e que, como o resto do Concello, se atopa nun estado de limpeza e conservación absolutamente lamentable?



ROGOS

1. Se atendan as lexítimas reclamacións dos veciños de TODO o noso rural en canto o correcto mantemento e limpeza de TODOS os viarios do rural.

2. Que se leven a cabo labores de instalación de medidas de redución da velocidade no vieiro do lugar de Raxadiña en Veigas de Almorzar, e por suposto, como no resto do rural.

3. Se dean instrucións para arranxar o lamentable estado no que se atopa esta canaleta no lugar de Cesar da parroquia de San Clemente.



4. A ruta de sendeirismo que recentemente fixemos hoxe resultaría imposible facela porque o camiño na Baxe está totalmente abandonado e por elo pechado de maleza. Pregámoslle que faga o posible para limpalo e que se poida pasar por él.

